



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Maio 2017

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Maio 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 10,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,4 puntos superior ao do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,5%, 4,9 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 11,6% e os Outros servizos o 6,2%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,5% e en España un 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de maio. Galicia é a cuarta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un crecemento do 10,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,4 puntos máis que no mes de abril. O índice para España amosa un aumento do 8,5% respecto ao mes de maio de 2016, 4,9 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 11,6% e achega 8,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,2% e achegan 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 8,7%, 2,9 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 8,2%, superando en dous puntos o crecemento galego.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 13,8% e achega 7,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. O *Comercio polo miúdo* aumenta o 7,6% e achega 1,5 puntos á taxa de variación interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 3,4 puntos, cun crecemento do 9,3%; o *Comercio polo miúdo* aumenta o 6,0% e achega 1,3 puntos.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,2%; os sectores que máis contribúen a este incremento son o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 0,4 puntos cada unha, con crecementos do 4,5% e 11,2% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 8,2%, sendo tamén o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,9 e 1,0 puntos respectivamente.

Nestes cinco primeiros meses do ano, o índice de cifra de negocios crece un 9,8% en Galicia e un 7,0% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 15,4% e 9,2% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 6,1%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 9,6% no mes de maio. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que crece o 11,0% e achega 4,5 puntos á taxa de variación do índice xeral e, xa en menor medida, á *Hostalería*, que aumenta o 8,1% e achega 1,8 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de maio en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (12,9%), Castilla – La Mancha (10,5%) e Cataluña e Galicia (10,3%). As comunidades con menores crecementos son Murcia (4,8%) e País Vasco (5,7%).

No que vai de ano, Navarra (10,6%), Galicia (9,8%) e Madrid (9,2%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León e Murcia amosan os menores crecementos (ambas as dúas, 4,3%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,5% respecto ao mes de maio de 2016, 0,2 puntos menos que en España (2,7%).



O persoal ocupado aumenta un 2,2% no *Comercio* e un 2,8% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* achega catro décimas á taxa de variación do índice xeral cun incremento do 3,2% e o *Comercio polo miúdo* achega cinco décimas, cun incremento do 2,0%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,1%).

Nos *Outros servizos*, en todos os sectores aumenta o persoal ocupado; destaca o incremento do 5,8% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan oito décimas á taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse tamén nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,1%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,0% e en España o 2,5%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de maio. O maior incremento dáse en Illes Balears (4,5%). Andalucía (1,0%) e País Vasco (1,9%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Maio 2017

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,9%) e Illes Balears (4,5%) mentres que en Andalucía (1,2%) e Castilla y León e Asturias (ambas as dúas 1,8%) rexístranse os menores incrementos.

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	118,7	10,3	9,8
Comercio	122,4	11,6	11,4
Venta e reparación de vehículos de motor	97,1	3,2	-6,1
Comercio por xunto	139,9	13,8	15,4
Comercio ao retalho	97,1	7,6	5,7
Outros servizos	105,6	6,2	4,6
Transporte	114,2	4,5	1,8
Hostalería	101,0	7,9	5,9
Información e comunicacións	88,8	3,0	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	93,3	11,2	8,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	138,8	7,6	6,8
España			
Xeral	110,8	8,5	7,0
Comercio	110,0	8,7	7,4
Venta e reparación de vehículos de motor	125,0	12,9	8,5
Comercio por xunto	113,8	9,3	9,2
Comercio ao retalho	98,3	6,0	3,8
Outros servizos	112,1	8,2	6,2
Transporte	122,2	9,0	6,1
Hostalería	118,1	5,1	5,4
Información e comunicacións	100,5	6,3	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,1	12,9	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,1	6,8	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	113,0	9,6	8,1
Comercio	115,9	11,0	10,7
Transporte	132,3	9,1	5,7
Hostalería	102,1	8,1	6,0
Información e comunicacións	86,8	4,2	5,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,3	15,0	9,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,7	6,9	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,8	8,5	7,0
Andalucía	105,9	6,2	5,9
Aragón	105,8	5,8	5,2
Asturias	96,9	6,9	4,5
Baleares, Illes	136,6	5,8	8,0
Canarias	106,6	7,0	5,5
Cantabria	103,5	7,3	5,8
Castilla y León	104,1	6,7	4,3
Castilla-La Mancha	105,1	10,5	8,8
Cataluña	114,8	10,3	6,2
Comunitat Valenciana	117,4	8,8	6,1
Extremadura	100,9	7,5	5,5
GALICIA	118,7	10,3	9,8
Madrid	107,8	9,5	9,2
Murcia	118,1	4,8	4,3
Navarra	110,4	12,9	10,6
País Vasco	110,0	5,7	4,4
Rioja, La	120,8	8,9	6,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	99,2	2,5	2,0
Comercio	95,4	2,2	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	84,2	-0,1	-0,2
Comercio por xunto	92,8	3,2	3,3
Comercio ao retalho	99,1	2,0	1,6
Outros servizos	102,4	2,8	2,1
Transporte	98,8	2,5	1,7
Hostalería	98,5	2,6	2,4
Información e comunicacións	88,4	1,6	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,5	0,4	0,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,3	5,8	4,1
España			
Xeral	103,4	2,7	2,5
Comercio	100,4	2,5	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	92,4	2,1	2,2
Comercio por xunto	104,5	3,3	2,8
Comercio ao retalho	99,3	2,0	1,9
Outros servizos	105,5	2,9	2,7
Transporte	100,7	2,8	2,6
Hostalería	109,5	2,8	2,5
Información e comunicacións	99,2	2,2	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,9	1,8	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	4,1	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,4	2,7	2,5
Andalucía	101,4	1,0	1,2
Aragón	100,9	3,2	2,5
Asturias	95,4	2,3	1,8
Baleares, Illes	124,0	4,5	4,5
Canarias	105,6	3,5	3,6
Cantabria	103,4	4,2	3,6
Castilla y León	98,6	2,5	1,8
Castilla-La Mancha	101,6	2,6	1,9
Cataluña	108,0	3,7	3,2
Comunitat Valenciana	102,4	2,7	2,8
Extremadura	104,2	3,1	3,3
GALICIA	99,2	2,5	2,0
Madrid	100,2	2,4	2,1
Murcia	111,5	4,2	4,9
Navarra	106,9	3,8	3,5
País Vasco	104,4	1,9	2,0
Rioja, La	107,7	3,6	3,2

Fonte: INE